

Rodolfo Häslér naceu en 1958 en Santiago de Cuba e dende os dez anos reside en Barcelona. Estudou Letras na Universidade de Lausanne (Suíza) e dedícase profesionalmente á tradución. Polo seu traballo poético ten recibido bolsas como a da Oscar Cintas Foundation de Nova York e galardóns como o da Aula de Poesía de Barcelona ou o Premio Internacional de Poesía Claudio Rodríguez. Como tradutor literario, ocupouse da poesía completa de Novalis, dos minirrelatos de Franz Kafka, da escolma *Anthologie secrète* de Frankétienne, e preparou a antoloxía poética *El festín de la flama* da poeta boliviana Blanca Wiethüchter.

Ten publicados os seguintes libros: *Poemas de arena* (1982), *Tratado de licantropía* (1988), *Elleife* (1993; cunha nova edición dende Barcelona en 2018), *De la belleza del puro pensamiento* (1997), *Poemas de la rue de Zurich* (2000), *Paisaje, tiempo azul*, que viu a luz en México en 2001. *Cabeza de ébano* editouse en Barcelona en 2007 e en Guayaquil en 2014, *Diario de la urraca* fixoo en 2013 á vez en Madrid, Cidade de México e Caracas e *Lengua de lobo* apareceu en Madrid en 2019. A esta bibliografía hai que sumar dúas plaquettes *Mariposa y caballo* (2002) e a guatemalteca *Cierta luz* (2010), así como dúas antoloxías da súa poesía publicadas en Caracas en 2005 e Las Palmas en 2007.

para José Manuel Domínguez

*Un edificio en una esquina mítica,
Industria y Barcelona, Industria 502, viejo Gran América,
entro y pregunto por el guardián de la luz
que perpetúa la fábula de la lámpara de aceite,
algo extraordinario llama la atención,
decidido miro por una de las ventanas
y me convierto en dos niños dulces
jugando con un zorrillo,
una jirafa y un bambi,
y al mirar al exterior
morimos de vértigo.*

Luns

8

de febreiro

20:00

ÁGORÀ

www.centroagora.es




(RODOLFO HÄSLER)




Rodolfo Häslér

Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

Poetas
Di(n)versos²⁰²¹





Eduardo Castro Bal

Nado en Seixas (Cospeito) en 1949, **Xesús Rábade Paredes** é un poeta, narrador, ensaísta e tradutor de dilatada traxectoria. Poeta precoz, pertence á promoción poética de 1968 –antologada en *Os novísimos da poesía galega* (1974)– e ao colectivo de renovación poética Cravo Fondo. Con Helena Villar, ten colaborado en múltiples proxectos creativos e didácticos. E pola súa obra obtivo, entre outros, os premios Manuel Antonio, Galicia, Álvaro Cunqueiro, Blanco Amor, Esquío, González Garcés, o premio das Editoras galegas, o Fervenzas Literarias e o da Gala do Libro Galego. Xornadas ou volumes de homenaxe á súa obra fóreronlle xa dedicados pola Asociación Xermolos ou a Fundación Manuel María.

Para alén da súa obra narrativa, ensaística, como tradutor ou editor, a súa poesía reúñese nos volumes: *Xuntos cara o mañán* (1969), *O sangue na paisaxe* (1979), *No aló de nós* (1981), *Matria de sombra* (1987), *Poldros de música* (1993), *Cabeleira de pedra* (1993), *Os dedos dos loureiros* (2000), *Os anos da memoria* (2006), *Lugar do canto* (autoescolma bilingüe, 2008). En 2013 publica aínda *Sobre ruínas*, en 2018 *Memoria do corpo* –recoñecido na Gala do Libro Galego como Mellor Libro de Poesía do Ano– e en 2019 a lenda histórica en verso *Caldaloba en terras de Valverde*, mentres que na actualidade prepara un ensaio de memorias literarias.

VALVERDE, FINALMENTE

(...)

*Cando o carballo de Luxís en Castro non convoque asamblea
e deite a folla,
cando ningúén responda,
saudarás os vivos en túmulo de malvas.
Durmirás para sempre no val das augas mansas,
seo amante e verdugo,
e nada será nunca xa o que fora (lume indomable, soño, rebeldía),
que se apagou contigo.
Esquecerás incluso a solución final da gran incógnita,
que a morte aclara todas as preguntas
e cura a quen as fai.*

(Fragmento de "Memoria do corpo")



**(XESÚS
RÁBADE
PAREDES)**

Luns

8

de febreiro

20:00

ÁGORÀ

www.centroagora.es



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

**Poetas
Di(n)versos**

2021



Xesús Rábade Paredes